

**I XORNADAS DE EMPRENDEMENTO,
INNOVACION E INTERNACIONALIZACIÓN
EN FEMININO**

30 outubro 2013

CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE LUGO

Avda. da Coruña, 500. 27003 Lugo

PRESENTACIÓN

Misión e visión da Asociación de Executivas de Galicia

A nosa misión é representar e defender os dereitos e intereses da **muller executiva Galega**, buscando a toma de conciencia do noso **rol**, na economía e no mundo empresarial galego.

Queremos converternos nunha entidade de referencia amplamente recoñecida pola sociedade en xeral polos seus valores, o seu compromiso e o seu liderado utilizando metodoloxías de traballo que leven á consecución efectiva dos obxectivos do grupo de mulleres que representa, e do crecemento sostible e inclusivo do tecido económico e sociocultural de Galicia

Obxectivos das Xornadas

As I XORNADAS DE LIDERADO, INNOVACION E EMPRENDEMENTO EN FEMININO, organizadas por primeira vez pola Asociación de Executivas de Galicia, perseguen varios obxectivos:

- Crear un foro ou *Think Tank* para debater sobre a **economía, a innovación, o emprendemento e a internacionalización** como base do **crecemento**, aportando a visión feminina destes grandes retos.
- Xerar un **intercambio de experiencias** entre os asistentes e as executivas de entidades que están marcando a diferenza en canto a **liderado, innovación, competitividade e internacionalización**, transferindo a súa experiencia e claves do seu éxito ó tecido empresarial galego.
- Visibilizar a **participación da muller en postos de responsabilidade, executivos e directivos**
- Difundir **casos de éxito de empresas líderes e innovadoras** que apostan polo liderado feminino
- Servir de **inspiración** para o **impulso do liderado** e do **emprendemento feminino**.

PROGRAMA.

13:30 a 15:30 *Net-Lunch (Comida Networking)*

15:45 a 16:00 *Recepción de Asistentes*

16:00 a 16:30 **Sesión de Apertura**

- **Representante IGAPE**
- **Susana López Abella**, *Secretaria Xeral de Igualdade, Xunta de Galicia*
- **Sonia Méndez**, *Concelleira de Economía e Emprendemento, Concello de Lugo*

16:30 a 17:10 **PANEL 1 LIDERADO E EMPRENDIMIENTO**

- **Eva Levy**, Socia Directora Eva Levy & Partners
- **Eva López Barrio**, WomanEmprende, Universidade de Santiago de Compostela.

17:10 a 17:50 **PANEL 2 INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE**

- **Patricia Martínez**, Xerente de ARTURO ALVAREZ
- **Melania Perez Iglesias**, Head of Sales & Marketing ATOS

17:50 a 18:30 **CAFÉ NETWORKING**

18:30 a 19:30 **PANEL 3 INNOVACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN**

- **Mª Dolores García de los Huertos**, Xerente Oficina Internacionalización IGAPE^X
- **Lupe Murillo**, Xerente de Conservas PESCAMAR

RELATORAS.



Eva Levy é experta en comunicación e adicou gran parte da súa vida a loitar pola inserción das mulleres en tódolos ámbitos. Presidenta de Honor de WomenCEO, Expresidenta da *Federación Española de Mujeres Empresarias, Directivas y Ejecutivas* (FEDEPE), en 2009 puxo en marcha xunto con Elena Terol a División de Mulleres en Consellos de Administración da empresa **ExcellentSearch**. Tamén fundou a súa propia consultora, **Eva Levy & Partners**. Figura no ranking das Top 100 mulleres líderes de España en 2011 e 2012, sendo candidata en 2013 na categoría “Expertas y Pensadoras”. Eva Levy é unha profesional innovadora, que desempeñou postos de responsabilidade en importantes compañías.



Eva López Barrio, é responsable do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela, dirixido á muller universitaria emprendedora para potenciar a creación de empresas no ámbito universitario. Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, Master en Dirección e Xestión de Comercio Exterior, cursou estudos de doctorado na mesma facultade. Liderou e dirixiu departamentos en importantes grupos empresariais galegos, e tamén conta coa experiencia emprendedora de ter creado unha empresa.



Patricia Martínez, é Xerente do estudio de deseño de luminarias Arturo Álvarez. As súas pezas son únicas, feitas a man, edicións numeradas de obxectos orixinais. Acadaron prestixiosos premios internacionais como GoodDesign (2008 e 2009) ou o Red Dot (2010), e fican expostos en Barcelona, Londres, NY e Toquio. Traballan con recoñecidos deseñadores de todo o mundo innovando de forma continua na procura de fontes de luz máis ecolóxicas e sustentables, e reivindicando os procesos artesanais.



Melania Pérez Iglesias é Head of Sales & Marketing Support de Atos Iberia, á vez que mantén a súa actual responsabilidade como Head of Consulting Service Line Iberia. Licenciada en Matemáticas pola Universidade Autónoma de Madrid e MBA en Business Administration pola Universidad de Liverpool, Melania chegou a Atos no ano 1990 como Consulting Director, cargo que desempeñou ata 2006. Posteriormente residiu en China, onde traballou en varios proxectos de cooperación relacionados coa sociedade da información.



María Dolores García de los Huertos, é actualmente Xerente da Oficina de Internacionalización de IGAPE^X. Licenciada en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, MBA pola Universidade de Huston, e Master, en Dirección e Xestión de Comercio Exterior, traballou en Arthur Andersen tres anos antes de incorporarse ao IGAPE, no ano 1993.



Lupe Murillo, é Xerente da empresa Alfonso Garcia López, S.A. (CONSERVAS PESCAMAR), unha das grandes conserveiras galegas, con sede en Poio, presente en todo o territorio nacional e en máis de 35 países de todo o mundo.